

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións

*BASES DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O DEPORTE BASE E DEPORTE NÁUTICO
(REMO-VELA-PIRAGÜISMO) PARA O ANO 2016*

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 29 de xaneiro de 2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**BASES DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA
DE PONTEVEDRA PARA O DEPORTE FEDERADO E DEPORTE NÁUTICO
(REMO/VELA/PIRAGÜISMO) DO ANO 2016**

Entre as competencias atribuídas pola lexislación de réxime local ás deputacións atópase a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social do territorio provincial. O deporte constitúe unha actividade que incrementa a cohesión social, motivo polo cal se considera que o impulso provincial á oferta deportiva e o fomento do tecido asociativo deportivo potencian a práctica do deporte e tamén o desenvolvemento local.

1. Finalidade e obxecto

A través destas bases réxense as subvencións para o apoio a clubs e entidades deportivas federadas na temporada deportiva 2015-2016, e no seu caso na temporada 2015.

Esta convocatoria, destinada a clubs e entidades deportivas federadas, ten como obxectivo específico apoiar a súa participación en ligas e competicións oficiais de ámbito comarcal, provincial e autonómico convocadas por organismos oficiais ou federacións deportivas galegas nas modalidades deportivas con implantación na provincia de Pontevedra.

A través deste ámbito de actuación preténdese colaborar coa iniciativa privada no cumprimento dos fins que lles son propios co obxecto de fomentar a cohesión do territorio e a igualdade de oportunidades en materia de deportes, con independencia das condicións persoais de cada cidadá e cidadán e o lugar da provincia onde resida.



A concesión das subvencións farase con cargo ao Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2016, e son as que a continuación se detallan:

Materia	Programa	Importe	Aplicación orzamentaria
Deportes	Promoción e fomento do deporte federado	300.000,00 €	16/340.3410.489.23
Deportes	Náuticos (remo, vela e piragüismo)	150.000,00 €	16/340.3410.489.22

Non obstante, o crédito poderá ampliarse se houbera consignación orzamentaria suficiente ao longo do exercicio 2016.

As propostas de concesión de subvencións non poderán ser máis de 270 para o deporte federado e de 30 para o deporte náutico e someteranse á aprobación do órgano competente.

No caso de non esgotarse a cantidade orzamentaria prevista nas propostas de subvención citadas, teranse en conta as solicitudes dos seguintes clubs con maior puntuación, ata esgotar a cantidade da aplicación orzamentaria.

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases e non sexan propostas para a súa concesión por exceder do número estipulado conservarán a puntuación acadada e teranse en conta para unha posterior ampliación de crédito, se o houbese.

2. Réxime xurídico

A concesión das subvencións que se regulan nesta convocatoria axústase ao disposto nos preceptos básicos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS), nas bases de execución do Orzamento da institución provincial para o exercicio 2016, as presentes bases e demais lexislación que sexa de aplicación con carácter básico ou supletorio.

3. Solicitantes

Poderán optar a estas subvencións as entidades e clubs deportivos federados que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro (acreditarse cunha declaración responsable do solicitante)
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación provincial.
- A modalidade practicada polas entidades e clubs deportivos federados ten que ter implantación na provincia de Pontevedra
- Estar inscritos no rexistro de asociacións deportivas da Dirección Xeral para o Deporte



- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e non estar incurso nalguna das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei.

Non poderán beneficiarse destas subvencións as entidades ou clubs deportivos que teñan pendente de xustificar subvencións concedidas no ano 2015 polo mesmo programa.

4. Solicitudes e documentación

Cada entidade só poderá presentar unha única solicitude dunha modalidade deportiva concreta. Esta realizarase nos modelos normalizados, que se facilitarán no Rexistro xeral, no Servizo de Deportes ou na páxina www.depo.es.

Ademais, achegarase a seguinte documentación:

- 4.1. Fotocopia actualizada do CIF da entidade ou club deportivo (coa sinatura dixital)
- 4.2. Fotocopia cotexada do DNI da persoa representante legal
- 4.3. Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade ou copia cotexada
- 4.4. Orzamento asinado estimativo de gastos e ingresos, referido á modalidade deportiva correspondente á temporada 2015 ou 2015-2016
- 4.5. Modelo de declaración responsable debidamente cuberta (modelo 100.024)
- 4.6. Certificación da federación galega ou nacional correspondente (anexo I), na que se especifique:
 - 4.6.1. A participación do equipo en competición na temporada 2015-2016
 - 4.6.2. O número de equipos participantes por categoría do equipo, nivel da competición e sexo
 - 4.6.3. Número de licenzas que participan en competición na temporada 2015-2016 por categoría e sexo

Excepcionalmente, aquelas entidades ou clubs de modalidades deportivas que se desenvolvan durante o ano natural deberán presentar o certificado da federación correspondente ao ano 2015.

A documentación que se entregue fotocopiada deberá estar debidamente cotexada.



As entidades poderán autorizar ao organismo provincial para solicitar as certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega e coa Seguridade Social.

En caso de a solicitude non reunir os datos de identificación, tanto da subvención coma da persoa solicitante ou calquera dos previstos no artigo 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP/PAC), requiriráselle ao interesado para que no prazo de dez días, contados desde o día seguinte ao da súa comunicación, emende as faltas ou acompañe os documentos preceptivos, sinalando que, de non o facer así teráselle por desistido da súa petición, arquivándose sen mais trámites.

5. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO e con posterioridade remitírase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na páxina www.depo.es e no taboleiro de anuncios.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO).

A presentación da solicitude implicará que se autoriza á Deputación para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

Presentaranse no Rexistro xeral da institución provincial:

- Sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado)
- Sede de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres)

Tamén, a través de calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da LRXAP/PAC. No caso de presentar a solicitude nunha oficina de Correos farase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionariado correspondente.

6. Procedemento de concesión

A concesión das subvencións será a través do procedemento de concorrencia competitiva.

O órgano competente para a instrución será a deputada responsable da Área de Deportes.



A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefatura do Servizo de Deportes, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos e fará unha valoración previa, en virtude da cal debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas avaliaraas, conforme aos criterios sinalados anteriormente, a Comisión de valoración, órgano colexiado composto por:

- Presidencia: A Deputada da Área de Deportes
- Vogalías:
 - O xefe do Servizo de Deportes
 - Un membro do equipo técnico do Servizo de Deportes
 - Un membro do Servizo de Intervención
- Secretaría: un funcionario do Servizo de Deportes, sen voto

A Comisión de valoración poderá acadar os informes que estime necesarios para resolver e emitirá un informe respecto das solicitudes de subvención.

Asemade, a Comisión de valoración rexeitará aquelas solicitudes que non cumpran con estas bases. A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no artigo 58 da LRXAP/PAC.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do orzamento que presente o club ou entidade.

7. Criterios obxectivos para a concesión das subvencións

Os criterios de valoración que se terán en conta para determinar a prelación das solicitudes presentadas son as seguintes:

Criterios de valoración	Puntuación máxima	Ponderación
Nivel de competición da entidade	0-25	25 %
Número de licenzas federativas	0-25	25 %
Número de equipos participantes por categorías na actual tempada	0-25	25 %
Participación en ligas e competicións de carácter local, provincial e rexional (e nacional no caso de deportes náuticos)	0-25	25 %



8. Resolución, prazo, notificación e modificación

A resolución, debidamente motivada, conterá os extremos sinalados no artigo 25 da LXS. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá ser superior a 6 meses, computados a partir da data en que conclúe o prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo da posibilidade de ampliar o prazo de resolución de conformidade ao indicado no artigo 42.6 da LRXAP/PAC.

Tras o vencemento do prazo máximo, sen que se lle notificase a resolución lexítima ás persoas interesadas, entenderase como desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

O beneficiario poderá solicitar, unha vez recaída a resolución de concesión, a modificación do seu contido se concorre algunha das circunstancias previstas no artigo 64 do RLXS aprobado polo R. d. 887/2006.

9. Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios de subvencións concedidas con cargo ao Orzamento provincial teñen as seguintes obrigas:

- a. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- b. Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos esixan as bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- e. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- f. Adoptar as medidas de difusión indicadas no apartado 4 do artigo 18 da LXS.



g. Ademais, os clubs aos que se lle outorguen subvencións por un importe igual ou superior a 6.000 € quedan na obriga de inserir na súa vestimenta o anagrama da Deputación de Pontevedra cunhas medidas aproximadas de 20 cm. Tamén deberá aparecer nos paneis publicitarios ou pancartas das súas instalacións deportivas, acreditando mediante fotografías nítidas ou recortes de prensa da presentación do equipo esa circunstancia.

h. Os clubs aos que se lle outorguen subvencións inferiores a 6.000 € quedan na obriga de divulgar e acreditar debidamente o financiamento da Deputación a través de calquera medio probatorio (vallas, pancartas, fotografías, recortes de prensa,...)

Os logotipos oficiais que se deben inserir están dispoñibles na web www.depo.es (área de descargas/imaxe corporativa).

10. Xustificación e pagamento

Unha vez notificadas as subvencións concedidas os clubs beneficiarios deberán xustificalas antes do 31 de marzo de 2017.

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos

b) Facturas orixinais ou copias cotexadas polo importe da subvención concedida

c) Conta xustificativa na que se relacionarán os conceptos de gastos por importe igual ou superior á subvención concedida pola Deputación e as recibidas de outras entidades públicas. Os xustificantes destes gastos estarán a disposición da Deputación Provincial.

d) Declaración de se se recibiron ou non outras subvencións ou axudas coa mesma finalidade (modelo 340.004)

e) Toma de razón na contabilidade do club ou entidade deportiva (modelo 340.005)

Para cobrar estas subvencións as entidades e clubs deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución provincial a través do Servizo de Deportes.

O aboamento da subvención materializarase mediante transferencia bancaria na conta sinalada pola entidade.



11. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

12. Réxime sancionador

Poderase aplicar o contido dos artigos 67 da LXS e 102 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS.

13. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas polos seguintes motivos:

- Obtelas falseando as condicións requiridas
- Non aplicalas aos fins para as que foron concedidas
- Incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

14. Perda do dereito ao cobro

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro será o establecido no artigo 42 da mencionada lei. O órgano competente para iniciar e resolver o procedemento é o órgano concedente da subvención. Con carácter previo ao seu inicio este órgano requiriralle ao beneficiario que no prazo de quince días presente a documentación xustificativa correspondente ou renuncie expresamente á subvención.

Non obstante, no caso de subvencións de contía inferior aos 50.000,00 euros, logo de transcorrido o prazo establecido para que o beneficiario presente alegacións sen que estas sexan presentadas, o acordo de perda do dereito ao cobro da subvención será definitivo.

15. Xurisdición aplicable

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no artigo 58 da LRXAP/PAC.



Unha vez transcorridos seis meses, contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, os interesados quedarán lexitimados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

16. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo dun mes, un recurso de reposición perante o órgano que a ditou e entenderase como desestimado se transcorre este período sen recibir contestación. Neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo no Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.



Venres, 5 de febreiro de 2016

Nº 24



SOLICITUDE DE AXUDA AO DEPORTE DE COMPETICIÓN FEDERADO

1. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome do club deportivo:		CIF:	
Núm. de rexistro da Secretaría Xeral para o Deporte:	Modalidade deportiva:	Categoría na que participa:	
Correo-e:	Tel.º:	Tel.º:	

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:	Portal:	Piso:	Porta:
Provincia:		Localidade:			C. p.º:

2. DATOS DA/O PRESIDENTA/E

Nome e apelidos:		DNI:	
Correo-e:	Tel.º:	Tel.º:	

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:	Portal:	Piso:	Porta:
Provincia:		Localidade:			C. p.º:

3. CERTIFICADO DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓN DEPORTIVAS DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Nome e apelidos:		DNI:	
Como secretaria/o do club certifico que esta entidade se atopa inscrita no rexistro de asociacións deportivas da Secretaría Xeral para o Deporte co núm.			
V. e pr. A/o presidenta/e		A/o secretaria/o	

4. DOCUMENTACIÓN

- Fotocopia actualizada do CIF da entidade con código electrónico, falicitado pola Axencia Estatal Tributaria
- Fotocopia cotexada do DNI da persoa representante legal da agrupación ou club deportivo
- Orzamento de gastos e ingresos referido á modalidade deportiva, detallado e asinado pola persoa solicitante
- Certificado da federación galega, ou a que no seu caso corresponda, segundo o modelo aprobado (anexo I)
- Certificación da conta bancaria a nome da entidade peticionaria
- Declaración responsable (modelo 100.024)

Lugar e data:	Asdo.: a/o solicitante

SERVIZO DE DEPORTES. Pazo provincial, avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra. Teléfono: +34 986 804 100. Fax: +34 886 210 726, deportes@depo.es, www.depo.es

Mod. 340.001



Venres, 5 de febreiro de 2016

Nº 24



SOLICITUDE DE AXUDA AO DEPORTE DE COMPETICIÓN FEDERADO CATEGORÍA NÁUTICOS (VELA, REMO E PIRAGÜISMO)

1. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome do club deportivo:		CIF:	
Núm. de rexistro da Secretaría Xeral para o Deporte:	Modalidade deportiva:	Categoría na que participa:	
Correo-e:	Tel.º:	Tel.º:	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:	Portal:
		Piso:	Porta:
Provincia:	Localidade:	C. p.º:	

2. DATOS DA/O PRESIDENTA/E

Nome e apelidos:		DNI:	
Correo-e:	Tel.º:	Tel.º:	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:	Portal:
		Piso:	Porta:
Provincia:	Localidade:	C. p.º:	

3. CERTIFICADO DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓN DEPORTIVAS DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Nome e apelidos:		DNI:	
Como secretaria/o do club certifico que esta entidade se atopa inscrita no rexistro de asociacións deportivas da Secretaría Xeral para o Deporte co núm.			
V. e pr. A/o presidenta/e		A/o secretaria/o	

4. DOCUMENTACIÓN

- Fotocopia actualizada do CIF da entidade con código electrónico, falicitado pola Axencia Estatal Tributaria
- Fotocopia cotexada do DNI da persoa representante legal da agrupación ou club deportivo
- Orzamento de gastos e ingresos referido á modalidade deportiva, detallado e asinado pola persoa solicitante
- Certificado da federación galega, ou a que no seu caso corresponda, segundo o modelo aprobado (anexo I)
- Certificación da conta bancaria a nome da entidade peticionaria
- Declaración responsable (modelo 100.024)

Lugar e data:	Asdo.: a/o solicitante
..... de de 20.....	

SERVIZO DE DEPORTES. Pazo provincial, avda. Montero Ríos, s/n, 36073 Pontevedra. Teléfono: +34 986 804 100. Fax: +34 886 210 726, deportes@depo.es, www.depo.es

Mod. 340.020



Venres, 5 de febreiro de 2016

Nº 24

Deputación
Pontevedra

Os seus datos serán tratados segundo o disposto na Lei Orgánica 15/1999 e no R. d. 1720/2007 de protección de datos de carácter persoal, podendo ser incorporados os ficheiros da Deputación de Pontevedra relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición nos termos establecidos na lei no seguinte enderezo: Avda. Montero Ríos, s/n. Para estes trámites existen formularios a súa disposición en www.depo.es

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DO SOLICITANTE

Nome e apelidos:		En calidade de:	
Entidade/asociación/club:		DNI/CIF:	
Correo-e:	Tel. 1:	Tel. 2:	Fax:

ENDEREZO

Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:	Portal:	Piso:	Porta:
Provincia:		Localidade:		C. p.:	

DECLARO

- a. Que esta entidade/asociación/club carece de fins de lucro
b. Que esta entidade/asociación/club (marcar cun X unha das opcións):

- ☐ Non se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade
☐ Si solicitou ou se lle concederon, procedentes de organismos públicos ou entidades privadas, as seguintes axudas ou subvencións:

Relación de axudas solicitadas		euros
		euros
		euros
Relación de axudas concedidas		euros
		euros
		euros

Así mesmo, esta entidade/asociación/club asume o compromiso de comunicar as que se obteñan nun futuro

c. Esta entidade/asociación/club non está incurso en causas de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas e coñezo e acepto as bases da convocatoria, asumindo o compromiso de cumprir as condicións da subvención

d. Esta entidade/asociación/club está ó corrente coas súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e non ten débedas de ningún tipo coa Deputación

- ☐ Ó mesmo tempo autorizo a institución provincial a obter as certificacións de Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Comunidade Autónoma e da Tesourería da Seguridade Social

E para que así conste, para os efectos da concesión da axuda, subscribo esta certificación.

No apartado b indicar a porcentaxe de gastos e no c indicar os ingresos

Lugar e data:	Asdo.: o solicitante
..... de 20.....	

Pazo da Deputación, avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra. Teléfono: +34 986 804 100. Fax: +34 886 210 726, info@depo.es - www.depo.es

Mod. 100.024

Código seguro de verificación: NWBN0E58113I0JQ



FEDERACIÓN GALEGA DE SECCIÓN DEPORTIVA

CERTIFICADO

D./D.^a
como secretario da Federación Galega de
sección de
certifica que segundo datos que obran nesta federación ou club
pertencente ó concello de
participa na competición organizada por organismo oficial ou federación deportiva na
temporada coa estrutura deportiva seguinte:

EQUIPOS PARTICIPANTES (só en competición oficial)

Categoría	Nivel de competición (marque cun X)			Número de equipos participantes		
	Provincial	Autonómico	Nacional	Masculino	Feminino	Outros
Benxamín						
Alevín						
Infantil						
Cadete						
Xuvenil						
Sénior						
Total						

NÚMERO DE LICENZAS (só en competición oficial)

Categoría	Número licenzas masculinas	Número licenzas femininas
Benxamín		
Alevín		
Infantil		
Cadete		
Xuvenil		
Sénior		
Total		

E para que conste para os efectos oportunos, expido a presente certificación en

..... de de 2.....

Vº e praxe
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

